

ACTA NÚM. 13 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE XULLO DE 2016.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **18:06 horas** do día **29 de xullo de 2016**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dna. Inmacula Viña Carregal, Interventora Xeral do Concello.

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asisten as concelleiras: Dona Noa María Morales Sánchez, Dona María Teresa Cancelo Márquez e Dona María Milagros Castro Sánchez.

ORDE DO DÍA:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

2. Aprobación do expediente de suplemento de crédito nº 2016-SUPLE-01 para atender a amortización de operacións de endebedamento vixentes e para financiar investimentos financeiramente sustentables en cumprimento do artigo 32 da LOEP e disp. adicional 16ª do TRLRFL 2/2004, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello, por importe de 2.935.071,08 euros, e expediente de crédito extraordinario nº 2016-CREXT-01 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2015, para atender os pagos pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2015 e para financiar investimentos financeiramente sustentables en cumprimento do artigo 32 da LOEP e disp. adicional 16ª do TRLFL 2/2004, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello, por importe de 1.086.374,76 euros.

Alcalde: Moi boa tarde a todas e a todos, damos comezo logo a sesión extraordinaria e urxente, que hoxe nos reúne aquí no salón de plenos ás dezaioito horas.

Desculpan a súa ausencia Maite Cancelo, Mila e Noa Morales.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Alcalde: Rubén algo que engadir?

Don Rubén Cela Díaz: Moi boa tarde a todas e a todas, eu moi brevemente e exclusivamente para xustificar a posición de voto do BNG a respecto da urxencia deste pleno.

Como xa tivemos ocasión de falalo e como así xa lle trasladamos no seu día ao propio alcalde e aos portavoces dos grupos da oposición, o grupo municipal do BNG non

entende que o motivo que hoxe nos congrega aquí teña unha cualificación de urxencia atendendo á normativa vixente, porque entendemos, pois que o que nos trae aquí que son os remanentes de 2015 e a súa aplicación no exercicio de 2016, pois non é un tema nin sobrevido, nin o tema que non fose agardable, máis ben todo o contrario.

Entendemos que o grupo de goberno era consciente de que isto se tiña que realizar formalmente cando menos dende a aprobación da liquidación de 2015, e polo tanto entendemos que se puido abordar nun pleno ordinario, mesmamente no pleno da semana pasada ou noutras condicións.

En calquera caso, tal e como lle adiantamos ao alcalde nos non imos por ningún problema en que se celebre o pleno, porque tamén somos conscientes dos problemas que podería orixinar adialo tanto a semana que ven, mes de agosto, ou moito máis se fose o mes de setembro, tanto por unha banda, polos problemas de tipo estival, e das ausencias que puideramos ter de membros da corporación, de habilitados nacionais ou de traballadores e traballadoras do concello, como por outra banda, que para nós é o máis importante, as actuacións que se recollen nesta proposta teñen que estar executadas e facturadas antes do 31 de decembro deste exercicio.

Dende o noso punto de vista, xa os tempos agora mesmo, son dificilmente de cumprir nalgún caso, e se iso se adiaira no tempo, pois dende logo sería moito máis complicado aínda, polo tanto nos non imos votar en contra da urxencia deste pleno, e non vamos obstaculizar que se poida realizar e que polo tanto se poida desenvolver este punto.

Alcalde: Grazas Rubén, señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Moitas grazas señor alcalde e boa tarde a todas e a todos.

Nós entendemos que non cabe neste caso a urxencia, é dicir, se nos atemos a normativa pois a liquidación tiña que estar elaborada antes do 1 de marzo, tiña que estar aprobada antes do 31 de marzo e enviado todo a información ao Ministerio de Facenda antes do 31 de marzo.

Polo tanto, houbo tempo máis que dabondo pois para facer todo o proceso, e polo tanto, ter iso debatido e votado nun pleno con moita anterioridade.

Polo tanto nos non imos votar a favor da urxencia, pero o certo é que tampouco queremos pois ser cómplices, neste caso, de alongar excesivamente, con independencia do resultado que hoxe se dea, despois do debate e da votación.

Polo tanto o noso voto vai ser de abstención.

Alcalde: Grazas Paco Reyes, Manuel algo que engadir?

Don Manuel Martínez Varela: Moi brevemente. Simplemente dicir que con respecto á urxencia xa manifestei na Comisión informativa que o noso grupo non vía a urxencia neste suposto, que non nos gustou para nada foi o tema das formas que se empregaron, porque este tipo de cuestións, como manifestou o voceiro do BNG, podían terse levado perfectamente ao último pleno ordinario que houbo.

Sabíase perfectamente nese pleno, que se estaban a tramitar e podía terse avisado.

Tamén teño que dicir que nos para nada estamos en contra de que se fagan obras na nosa cidade.

Alcalde: Pasamos logo a votación a urxencia da convocatoria.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por 9 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, e 12 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG (8 PP, 2 PSdeG-PSOE e 2 BNG), aproba a urxencia da convocatoria da devandita sesión.

2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2016-SUPLE-01 PARA ATENDER A AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO VIXENTES E PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SUSTENTABLES EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 32 DA LOEP E DISP. ADICIONAL 16ª DO TRLRFL 2/2004, FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO, POR IMPORTE DE 2.935.071,08 EUROS, E EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2016-CREXT-01 PARA ATENDER AS OBRIGAS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO A 31/12/2015, PARA ATENDER OS PAGOS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO A 31/12/2015 E PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SUSTENTABLES EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 32 DA LOEP E DISP. ADICIONAL 16ª DO TRLFL 2/2004, FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO, POR IMPORTE DE 1.086.374,76 EUROS.

O informe proposta (Ref. 5/2016, en relación ao asunto do epígrafe, de data 21 de xullo de 2016, ten o seguinte contido:

“I. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

O art. 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, dispón:

“ 32 Destino do superávit orzamentario

1. No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda. (...)

3. A efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.”

A Disposición adicional sexta da propia Lei 2/2012, orgánica de estabilidade, relativa a

“Regras especiais para o destino do superávit orzamentario, establece ao efecto:

1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, si fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de « Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento », ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigas citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivése con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en dito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivera un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan calificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á coxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.”

O RD Lei 2/2014, na súa Disposición final primeira, modifica o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, de forma que **engade unha nova disposición adicional décimo sexta ao texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (A Lei 362/2004), coa seguinte redacción:**

“Aos efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (a Lei 7774/2012), entenderase por investimento financeiramente sustentable o que cumpra todos os **requisitos** seguintes:

1.- Que o investimento se realice, en todo caso, por entidades locais que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Ademais, deberá ter reflexo orzamentario nos seguintes grupos de programas recollidos no Anexo I da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro (A LEI 18063/2008), pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais:

- **161.** Saneamento, abastecemento e distribución de augas.
- **162.** Recollida, eliminación e tratamento de residuos.
- **165.** Alumeado público.
- **172.** Protección e mellora do medio ambiente.
- **412.** Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.
- **422.** Industria.
- **425.** Enerxía.
- **431.** Comercio.
- **432.** Ordenación e promoción turística.
- **441.** Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte.
- **442.** Infraestruturas do transporte.
- **452.** Recursos hidráulicos.
- **463.** Investigación científica, técnica e aplicada.
- **491.** Sociedade da información.
- **492.** Xestión do coñecemento.

O investimento poderá ter reflexo orzamentario nalgún dos grupos de programas seguintes:

- **133.** Ordenación do tráfico e do estacionamento.
- **153.** Vías públicas.
- **171.** Parques e xardíns.
- **336.** Protección do Patrimonio Histórico-Artístico.
- **453.** Estradas.
- **454.** Camiños veciñais.
- **933.** Xestión do patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público.

Cando o gasto de investimento nestes grupos de programas, considerados en conxunto, sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2.- Quedan excluídos tanto os investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos como os que se refiran á adquisición de mobiliario, aparellos e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte.

3.- O gasto que se realice deberá ser imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación Local.

De forma excepcional poderán incluírse tamén indemnizacións ou compensacións por rescisión de relacións contractuais, imputables noutros capítulos do orzamento da Corporación Local, sempre que as mesmas teñan carácter complementario e derívense directamente de actuacións de reorganización de medios ou procesos asociados ao investimento acometido.(...)

4.- Que o investimento permita durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e débeda pública por parte da Corporación Local. A tal fin valorarase, o gasto de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que xere o investimento durante a súa vida útil.

5.- A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigas económicas derivadas do investimento executado deberase realizar por parte da Corporación Local antes da finalización do exercicio de aplicación da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril (A LEI 7774/2012).

Non tanto, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2016, a parte restante do gasto comprometido en 2016 poderase recoñecer no exercicio 2017 financiándose con cargo ao remanente de tesouraría de 2016 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2016.

6.- O expediente de gasto que se tramite incorporará unha memoria económica específica, subscrita polo presidente da Corporación Local, ou a persoa da Corporación Local en quen delegue, na que se conterá a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Corporación Local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao pleno da Corporación Local do grao de cumprimento dos criterios previstos nos apartados anteriores e farase público no seu portal web.

7.- Sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, se o informe do interventor da Corporación Local ao que se refire o apartado anterior fose desfavorable, o interventor remitirao ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira da Corporación Local.

8.- O interventor da Corporación Local informará o Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados en aplicación do previsto nesta disposición.»

Do mesmo xeito, a **DA 9ª do Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira**, prorrogou, para o ano 2015, a DA 6ª da LOEP, que permite destinar parte desta cantidade a **investimentos financeiramente sustentables**, sempre que se cumpran todos os requisitos seguintes:

- Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de **endebedamento**.
- Que presenten no exercicio anterior simultaneamente **superávit** en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.
- As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, si fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de « Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento », ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

Para este exercicio 2016, a **DA 82ª da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, prorroga**, para o ano 2016, a aplicación das regras contidas na DA 6ª da LOEP, para o que deberá terse en conta a DA 16ª do TRLRFL aprobado polo RDL 2/20014 de 5 de marzo.

II. FEITOS.

A liquidación do exercicio 2015 do Orzamento Xeral do Concello presentou superávit orzamentario cun saldo de Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLT para GX) do Concello de 5.417.815,31 €.

Neste expediente modificativo de crédito – crédito extraordinario e suplemento de crédito – propónse a aplicación efectiva de **4.021.445,84 €**, quedando a espera dunha toma de decisión en relación á aplicación do saldo restante do RLT para GX co obxecto de garantir a capacidade de financiamento do Concello (estabilidade orzamentaria) a 31/12/2016 e sen prexuízo dunha análise posterior con base na evolución da execución orzamentaria ao longo do presente exercicio 2016.

O destino do RLT para GX deberá seguir a seguinte orde de aplicación seguindo os criterios establecidos na DA 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**.

1º. Segundo o establecido na DA 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**, e seguindo o recollido no propio informe da intervención xeral á liquidación do Orzamento Xeral do Concello do exercicio 2015, en primeiro lugar o superávit orzamentario debería ter como aplicación o de atender as obrigas e pagos pendentes de aplicar ao orzamento e cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago a acredores contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior. Deste xeito, segundo se desprende do propio informe da intervención, o Concello de Santiago presentaba un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2015 (facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación non orzamentaria 413) de 432.622,88 € e un saldo de pagos pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2015 (pagos en conta contabilizados na aplicación non orzamentaria 400) de 10.987,34 €.

Neste sentido, e tendo en conta as regularizacións de facturas e as aplicacións efectuadas a día de hoxe ao orzamento das operacións de OPA recollidas na relación de peche do exercicio do 2015, encontrámonos ante a seguinte aplicación do RLT para GX para atender as facturas en situación de OPA:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	CONCELLERÍA	CONCELLEIRA/O	IMPORTE
OPAS 2015 (020 23101 22103)	2	020 23101 22195		17	CE	Políticas Sociais, Diversidade e Saúde	Concepción Fernández Fernández	535,80
OPAS 2015 (040 33403 22799)	2	040 33403 22795		26	CE	Acción Cultural	Branca Petra Novo Rey	79.612,07
OPAS 2015 (040 33800 22699)	2	040 33800 22695		29	CE	Acción Cultural	Branca Petra Novo Rey	19.481,00
OPAS 2015 (050 15320 22199)	2	050 15320 22195		09	CE	Espazos Cidádáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade	Jorge Carlos Duarte Vázquez	119,68
OPAS 2015 (060 31100 22699)	2	060 31100 22695		15	CE	Medio Ambiente e Convivencia	Xan Xesús Duro Fernández	351,10
OPAS 2015 (060 93200 22706)	2	060 93200 22795		03	CE	Medio Ambiente e Convivencia	Xan Xesús Duro Fernández	45.962,62
OPAS 2015 (080 32300 22103)	2	080 32300 22195		22	CE	Educación e Cidadanía	Manuel Dios Diz	948,10
OPAS 2015 (080 32600 22699)	2	080 32600 22695		22	CE	Educación e Cidadanía	Manuel Dios Diz	5.678,40
OPAS 2015 (080 32600 22701)	2	080 32600 22795		22	CE	Educación e Cidadanía	Manuel Dios Diz	159,18
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2								152.847,95
TOTAL GASTO CORRIENTE								152.847,95
OPAS 2015 (050 15320 61900)	6	050 15320 61995		07	CE	Espazos Cidádáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade	Jorge Carlos Duarte Vázquez	7.865,00
OPAS 2015 (050 15321 60900)	6	050 15321 60995		09	CE	Espazos Cidádáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade	Jorge Carlos Duarte Vázquez	2.294,16
OPAS 2015	6	100 45400 62500	2014 2 MOBRU 32 1	35	CE	Medio Rural e Equilibrio Territorial	Rafael Peña Vidal	10.138,46
GASTO TOTAL CAPÍTULO 6								20.297,62
TOTAL GASTO INVERSIÓN								20.297,62
TOTAL XERAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)								173.145,57

É necesario, polo tanto, habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía final de 173.145,57 € para dar cobertura ao saldo actual de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2015 (facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación non orzamentaria 413).

Por outra banda, a 31/12/2015 o Concello presentaba un saldo de pagos pendentes de aplicar ao orzamento (PPA) (pagos en conta contabilizados na aplicación non orzamentaria 400) de 10.987,34 €, polo que é necesario habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía final de 10.987,34 € co seguinte detalle por aplicacións:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	CONCELLERÍA	CONCELLEIRA/O	IMPORTE
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	Alcaldía	Martíño Noriega Sánchez	20,00
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	Alcaldía	Martíño Noriega Sánchez	41,05
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	Alcaldía	Martíño Noriega Sánchez	0,01
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	Alcaldía	Martíño Noriega Sánchez	17,84
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	Alcaldía	Martíño Noriega Sánchez	65,82
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	Alcaldía	Martíño Noriega Sánchez	9.165,89
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	Alcaldía	Martíño Noriega Sánchez	93,03
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	Alcaldía	Martíño Noriega Sánchez	59,90
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	Alcaldía	Martíño Noriega Sánchez	11,90
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	Alcaldía	Martíño Noriega Sánchez	11,90
PPA 2015 (050 15000 22604)	2	050 15000 22695	07	CE	Urbanismo	Jorge Carlos Duarte Vázquez	1.500,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2							10.987,34
TOTAL GASTO CORRIENTE							10.987,34
TOTAL XERAL DE PAGOS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (40001 - 40003)							10.987,34

Nota.- Seguindo as directrices da intervención municipal e co fin de identificar correctamente o crédito habilitado para as aplicacións orzamentarias das operacións de OPA e de PPA e facilitar a súa correcta aplicación e non crear problemas de xestión nas aplicacións de orixe, créanse unhas novas aplicacións orzamentarias que teñen a mesma estrutura ca operación orixinal coa diferenza de que os dous últimos díxitos da económica rematan en 95.

Achégase como documentación anexa o detalle das operacións incluídas nas aplicacións orzamentarias 413 e 400 que forman parte da aplicación prioritaria do RLT para GX do exercicio 2015.

2º. Seguindo o establecido na DA 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**, e seguindo o recollido no propio informe da intervención xeral á liquidación do Orzamento Xeral do Concello do exercicio 2015, en segundo lugar o superávit orzamentario debería destinar como mínimo, unha porcentaxe do RLT para GX para amortizar operacións de

endebedamento que estean vixentes e que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit.

Neste sentido, é criterio da intervención municipal destinar a amortizar operacións de endebedamento aquela contía destinada a investimentos financeiramente sostibles no exercicio 2015 en relación ao destino do RLT para GX do exercicio 2014 que finalmente non foron executados e tamén aquel saldo da 413 de 31/12/2015 que non é necesario utilizar con cargo ao RLT para GX do exercicio 2015 xa que foron obxecto de aplicación con cargo a créditos do vixente exercicio.

Deste xeito, é necesario aplicar como **suplemento de crédito** na aplicación **030/01100/91300** unha contía final de **1.646.911,95 €**, procedente de:

- O importe non executado de IFS do exercicio 2015 (financiado con RLT para GX do exercicio 2014) por importe de 1.347.441,88 €.
- O importe xa aplicado aos créditos do orzamento vixente procedentes da aplicación non orzamentaria 413 a 31/12/2015 por unha contía de 299.470,07 €.

3º. Seguindo o establecido na DA 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**, e seguindo o recollido no propio informe da intervención xeral á liquidación do Orzamento Xeral do Concello do exercicio 2015, en terceiro e último lugar, o superávit orzamentario podería destinarse a financiar investimentos financeiramente sustentables.

Neste sentido, as distintas Concellerías a través dos responsables dos distintos centros xestores, propoñen unha serie de investimentos a considerar como financeiramente sustentables achegando a memoria correspondente dos mesmos, e con proposta a Concelleira delegada de Economía e Facenda para a incoación dun expediente modificativo de crédito, vía suplemento de crédito ou crédito extraordinario segundo proceda, e se eleva a Pleno para a súa aprobación, previa fiscalización do expediente pola intervención municipal. O detalle das propostas segundo tipo de modificación é a seguinte:

DENOMINACIÓN	PARTIDA	PROXECTOS	IMPORTE	TIPO MC
Reparación de cuberta e mellora impermeabilidade parque móvil	010 93300 63200	2016 4 PARMO 64 1	51.111,09	CE
Rehabilitación e reparación de CSC: Mellora de cuberta no CSC de Verdía	040 93303 63200	2016 4 CSOC 65 1	50.000,00	CE
Rehabilitación e reparación de CSC: Obras de mellora e acondicionamento do CSC antigo colexio Ramón Cabanillas	040 93303 63200	2016 4 CSOC 65 2	50.000,00	CE

DENOMINACIÓN	PARTIDA	PROXECTOS	IMPORTE	TIPO MC
Rehabilitación e reparación de CSC: Obras de mellora e acondicionamento do CSC de Marantes	040 93303 63200	2016 4 CSOC 65 3	28.000,00	CE
Rehabilitación e reparación de CSC: Mellora do illamento e impermeabilización do CSC da Trisca	040 93303 63200	2016 4 CSOC 65 4	44.000,00	CE
Proxecto de reforma do edificio de Raxoi	050 93300 63200	2016 4 RAXOI 72 1	14.520,00	CE
Rehabilitación da Casa das Máquinas - Fase I	050 93300 63200	2016 4 MAQUI 73 1	100.000,00	CE
Reforma semafórica en diversas zonas da cidade	060 13300 62300	2016 4 SEMAF 74 1	21.899,10	CE
Instalación de cámara de tráfico en Rúa de San Pedro	060 13300 62300	2016 4 TRAFI 75 1	21.461,94	CE
Consolidación da Costa de Santa Susana, na Alameda de Santiago	060 17100 60900	2016 4 ALAME 78 1	150.000,00	CE
Aplicación para dispositivos móbiles - campañas promoción comercio emblemático de Santiago	070 43100 64100	2016 4 APCOM 80 1	4.235,00	CE
Acondicionamento de baixo municipal (edificio local EMUVISSA) para abrir a "Casa das Mulleres"	070 93304 62200	2016 4 MULLE 81 1	158.510,00	CE
Proxectos de acondicionamento de accesos e de accesibilidade ao campo de fútbol e pavillón de Santa Isabel	090 93302 63200	2016 4 PRODE 82 1	12.000,00	CE
Proxecto de obras para reforma da cuberta no campo de fútbol de As Cancelas	090 93302 63200	2016 4 PRODE 82 2	2.404,72	CE
Melloras en instalacións deportivas municipais: obras de acondicionamento exterior do campo de fútbol de Belvís para accesos e mantemento	090 93302 63200	2016 4 DEPMU 83 1	7.000,00	CE
Melloras en instalacións deportivas municipais: obras de ampliación da cuberta da bancada e acondicionamento das dependencias de conserxería e almacén do campo de fútbol de Vilvestro	090 93302 63200	2016 4 DEPMU 83 2	31.500,00	CE
Melloras en instalacións deportivas municipais: acondicionamento da pista de parqué dos Polideportivos de Restollal e Vite	090 93302 63200	2016 4 DEPMU 83 3	45.600,00	CE
Melloras en instalacións deportivas municipais: obras de acondicionamento xeral e de ximnasio do Polideportivo de Fontiñas	090 93302 63200	2016 4 DEPMU 83 4	110.000,00	CE
			902.241,85	Total CE
Redacción proxectos de reparacións e acondicionamento beirarrúas en R.Ponte de Sar e R. Cruceiro de Sar	050 15320 61900	2015 4 PROXE 28 1	8.470,00	SC
Proxecto de mellora no cruce do Polígono do Tambre	050 15320 61900	2016 4 PROXE 66 1	8.000,00	SC
Liquidación da obra Mellora e pavimentación da R. 25 de xullo	050 15320 61900	2015 4 VIASP 30 1	18.642,28	SC

DENOMINACIÓN	PARTIDA	PROXECTOS	IMPORTE	TIPO MC
Proxectos de rexeneración dos pavimentos de calzada e outras actuacións de mellora en diversos eixes viarios no ámbito urbano e periurbano	050 15320 61900	2016 4 VIASP 67 1	600.000,00	SC
Reparación da calzada na Avda. de Coimbra	050 15320 61900	2016 4 COIMB 68 1	60.434,24	SC
Apertura de mediana na Rúa Londres	050 15320 61900	2016 4 LONDR 69 1	7.381,00	SC
Reurbanización Rúa Cancelas (1ª FASE)	050 15321 60900	2016 4 CANCE 70 1	95.890,49	SC
Restauración do Cruceiro de Vista Alegre	050 33600 61900	2016 4 CRUCE 71 1	5.868,50	SC
Mellora na rede de saneamento e pluviais na Cima da Eira	060 16100 61900	2016 4 CEIRA 76 1	64.782,84	SC
Renovación de pluviais na Rúa Santa Isabel	060 16100 61900	2016 4 SISAB 77 1	60.381,18	SC
Brañas do Sar - Fase II	060 17100 61900	2016 4 BRAÑA 79 1	50.000,00	SC
Liquidación da obra de Acondicionamento e mellora pistas Santa Cristina e San Xoán de Fecha	100 45400 61900	2014 2 PPROV 35 1	22.925,18	SC
Mellora do vial Reboredo-Enfesta	100 45400 61900	2016 4 VIRUR 84 1	31.617,38	SC
Mellora do vial Reboredo-Lavacolla	100 45400 61900	2016 4 VIRUR 84 2	243.770,16	SC
Remate de accesos ao núcleo San Paio Sabugueira	100 45400 61900	2016 4 VIRUR 84 3	9.995,88	SC
			1.288.159,13	Total SC
			2.190.400,98	Total Xeral

III. PROPOSTA

Logo de ver que a liquidación do exercicio 2015 do Orzamento Xeral do Concello presentou un superávit orzamentario cun saldo de Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLT para GX) do Concello de 5.417.815,31 €, do que a proposta actual deste expediente modificativo de crédito – crédito extraordinario e suplemento de crédito – levaría a aplicación efectiva de **4.021.445,84 €**, co seguinte detalle resumido:

	SC	CE
PPA		10.987,34
OPAS		173.145,57
AMORTIZAR DÉBEDA	1.646.911,95	
IFS	1.288.159,13	902.241,85
	2.935.071,08	1.086.374,76
	4.021.445,84	

Verificado que neste expediente de modificación de crédito de aplicación do RLT para GX do exercicio 2015 segue para o seu uso as prioridades emanadas da DA 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**, e as directrices establecidas no propio informe da intervención xeral á liquidación do Orzamento Xeral do Concello do exercicio 2015.

Visto que a DA 9ª do Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira, na súa DA 9ª, prorroga, para o ano 2015, a DA 6ª da LOEP, que permite destinar o superávit a investimentos financeiramente sustentables cunha serie de requisitos.

Visto que a DA 82ª da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, prorroga para o ano 2016 a aplicación das regras contidas na DA 6ª da LOEP, para o que deberá terse en conta a DA 16ª do TRLRFL aprobado polo RDL 2/2014 de 5 marzo.

Unha vez verificado o cumprimento dos ditos requisitos (achégase memoria de sustentabilidade de cada un dos investimentos recollidos no expediente de referencia e Memoria económica específica subscrita pola Concelleira delegada de Economía e Facenda que contén a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse dos diferentes investimentos no horizonte da súa vida útil).

Logo de ver os seguintes Informes-propostas e propostas que forman parte do expediente

- 1) Informe - proposta de acordo de expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario ou suplemento de crédito segundo corresponda) asinado polo xefe do Parque Móbil (centro xestor 40) e proposta da Alcaldía, aos efectos de aplicar o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2015 para o financiamento dun Investimento Financeiramente Sustentable que se documenta na memoria que se achega.
- 2) Informe - proposta de acordo de expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario ou suplemento de crédito segundo corresponda) asinado polo responsable de Centros socio culturais (centro xestor 26) e proposta da Concelleira de Acción Cultural, aos efectos de aplicar o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2015 para o financiamento dunha serie de Investimentos Financeiramente Sustentables que se documentan na memoria que se achega.
- 3) Informe - proposta de acordo de expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario ou suplemento de crédito segundo corresponda) asinado polo director de

área técnica de desenvolvemento urbano e sostible (centro xestor 07-09) e proposta do Concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, aos efectos de aplicar o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2015 para o financiamento dunha serie de Investimentos Financeiramente Sustentables que se documentan na memoria que se achega.

4) Informe - proposta de acordo de expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario ou suplemento de crédito segundo corresponda) asinado pola xefa do servizo de seguridade e mobilidade (centro xestor 03) e proposta do Concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, aos efectos de aplicar o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2015 para o financiamento dunha serie de Investimentos Financeiramente Sustentables que se documentan en dúas memorias que se achegan.

5) Informe - proposta de acordo de expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario ou suplemento de crédito segundo corresponda) asinado pola xefa do servizo de contratación e servizos comunitarios (centro xestor 10) e proposta do Concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, aos efectos de aplicar o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2015 para o financiamento dunha serie de Investimentos Financeiramente Sustentables que se documentan na memoria que se achega.

6) Informe - proposta de acordo de expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario ou suplemento de crédito segundo corresponda) asinado pola xefe de parques e xardíns (centro xestor 13) e proposta do Concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, aos efectos de aplicar o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2015 para o financiamento dunha serie de Investimentos Financeiramente Sustentables que se documentan na memoria que se achega.

7) Informe - proposta de acordo de expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario ou suplemento de crédito segundo corresponda) asinado pola técnica responsable de comercio (centro xestor 31) e proposta do Concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, aos efectos de aplicar o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2015 para o financiamento dun investimento Financeiramente Sustentable que se documenta na memoria que se achega.

8) Informe - proposta de acordo de expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario ou suplemento de crédito segundo corresponda) asinada pola xefa de sección de políticas sociais (centro xestor 16) e proposta do Concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, aos efectos de aplicar o Remanente

Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2015 para o financiamento dun Investimento Financeiramente Sustentable que se documenta en memoria que se achega.

9) Informe - proposta de acordo de expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario ou suplemento de crédito segundo corresponda) asinado polo responsable do centro xestor Deporte (centro xestor 30) e proposta do Concelleiro delegado de Deporte, aos efectos de aplicar o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2015 para o financiamento dunha serie de Investimentos Financeiramente Sustentables que se documentan na memoria que se achega.

10) Informe - proposta de acordo de expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario ou suplemento de crédito segundo corresponda) asinado polo xefe do servizo de Proxectos e Obras (centro xestor 35) e proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial, aos efectos de aplicar o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2015 para o financiamento dunha serie de Investimentos Financeiramente Sustentables que se documentan na memoria que se achega.

Logo de ver que, segundo os informes que obran no expediente motívase o carácter específico e determinado dos gastos a realizar e que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2016, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

Propón que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2016-SUPLE-01 con destino á amortización de operacións de endebedamento vixentes por un importe de 1.646.911,95 € e para investimentos financeiramente sustentables en cumprimento do artigo 32 da LOEP e DISP. ADICIONAL 16ª do TRLRFL 2/2004 por un importe de 979.850,53 €, financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2015 por un importe global de 2.626.762,48 €; e expediente de crédito extraordinario nº 2016-CREXT-01 con destino, en primeiro lugar, a atender as obrigas e pagos pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2015 vixentes no momento de tramitar este expediente por un importe de

184.132,91 € e para investimentos financeiramente sustentables en cumprimento do artigo 32 da LOEP e disp. adicional 16ª do TRLFL 2/2004 por un importe de 1.210.550,45 €, financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2015 por un importe global de 1.394.683,36 €.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación crédito extraordinario por un importe de 173.145,57 € financiado con RLT para GX do exercicio 2015 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2015 (facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación non orzamentaria 413):

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS 2015 (020 23101 22103)	2	020 23101 22195		17	CE	535,80
OPAS 2015 (040 33403 22799)	2	040 33403 22795		26	CE	79.612,07
OPAS 2015 (040 33800 22699)	2	040 33800 22695		29	CE	19.481,00
OPAS 2015 (050 15320 22199)	2	050 15320 22195		09	CE	119,68
OPAS 2015 (060 31100 22699)	2	060 31100 22695		15	CE	351,10
OPAS 2015 (060 93200 22706)	2	060 93200 22795		03	CE	45.962,62
OPAS 2015 (080 32300 22103)	2	080 32300 22195		22	CE	948,10
OPAS 2015 (080 32600 22699)	2	080 32600 22695		22	CE	5.678,40
OPAS 2015 (080 32600 22701)	2	080 32600 22795		22	CE	159,18
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						152.847,95
OPAS 2015 (050 15320 61900)	6	050 15320 61995		07	CE	7.865,00
OPAS 2015 (050 15321 60900)	6	050 15321 60995		09	CE	2.294,16
OPAS 2015	6	100 45400 62500	2014 2 MOBRU 32 1	35	CE	10.138,46
GASTO TOTAL CAPÍTULO 6						20.297,62
TOTAL XERAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)						173.145,57

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
FINANCIAMIENTO RLT para GX DO EJERCICIO 2015						

2.- Habilitación crédito extraordinario por un importe de 10.987,34 € financiado con RLT para GX do ejercicio 2015 para atender as pagos pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2015 (pagos en conta contabilizados na aplicación non orzamentaria 400):

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	20,00
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	41,05
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	0,01
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	17,84
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	65,82
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	9.165,89
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	93,03
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	59,90
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	11,90
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	11,90
PPA 2015 (050 15000 22604)	2	050 15000 22695	07	CE	1.500,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2					10.987,34
TOTAL PAGOS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (400)					10.987,34
FINANCIAMIENTO RLT para GX DO EJERCICIO 2015					

3.- Habilitación crédito extraordinario por un importe de 902.241,85 € financiado con RLT para GX do ejercicio 2015 para a execución de investimentos financeiramente sustentables no exercicio 2016:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTOS	IMPORTE
Reparación de cuberta e mellora impermeabilidade parque móbil	010 93300 63200	40	2016 4 PARMO 64 1	51.111,09

Rehabilitación e reparación de CSC: Mellora de cuberta no CSC de Verdía	040 93303 63200	26	2016 4 CSOC 65 1	50.000,00
Rehabilitación e reparación de CSC: Obras de mellora e acondicionamento do CSC antigo colexio Ramón Cabanillas	040 93303 63200	26	2016 4 CSOC 65 2	50.000,00
Rehabilitación e reparación de CSC: Obras de mellora e acondicionamento do CSC de Marantes	040 93303 63200	26	2016 4 CSOC 65 3	28.000,00
Rehabilitación e reparación de CSC: Mellora do illamento e impermeabilización do CSC da Trisca	040 93303 63200	26	2016 4 CSOC 65 4	44.000,00
Proxecto de reforma do edificio de Raxoi	050 93300 63200	28	2016 4 RAXOI 72 1	14.520,00
Rehabilitación da Casa das Máquinas - Fase I	050 93300 63200	09	2016 4 MAQUI 73 1	100.000,00
Reforma semafórica en diversas zonas da cidade	060 13300 62300	03	2016 4 SEMAF 74 1	21.899,10
Instalación de cámara de tráfico en Rúa de San Pedro	060 13300 62300	03	2016 4 TRAFI 75 1	21.461,94
Consolidación da Costa de Santa Susana, na Alameda de Santiago	060 17100 60900	13	2016 4 ALAME 78 1	150.000,00
Aplicación para dispositivos móbiles - campañas promoción comercio emblemático de Santiago	070 43100 64100	31	2016 4 APCOM 80 1	4.235,00
Acondicionamento de baixo municipal (edificio local EMUVISSA) para abrir a "Casa das Mulleres"	070 93304 62200	16	2016 4 MULLE 81 1	158.510,00
Proxectos de acondicionamento de accesos e de accesibilidade ao campo de fútbol e pavillón de Santa Isabel	090 93302 63200	30	2016 4 PRODE 82 1	12.000,00
Proxecto de obras para reforma da cuberta no campo de fútbol de As Cancelas	090 93302 63200	30	2016 4 PRODE 82 2	2.404,72
Melloras en instalacións deportivas municipais: obras de acondicionamento exterior do campo de fútbol de Belvís para accesos e mantemento	090 93302 63200	30	2016 4 DEPMU 83 1	7.000,00
Melloras en instalacións deportivas municipais: obras de ampliación da cuberta da bancada e acondicionamento das dependencias de conserxería e almacén do campo de fútbol de Villestro	090 93302 63200	30	2016 4 DEPMU 83 2	31.500,00
Melloras en instalacións deportivas municipais: acondicionamento da pista de parqué dos Polideportivos de Restollal e Vite	090 93302 63200	30	2016 4 DEPMU 83 3	45.600,00
Melloras en instalacións deportivas municipais: obras de acondicionamento xeral e de ximnasio do Polideportivo de Fontiñas	090 93302 63200	30	2016 4 DEPMU 83 4	110.000,00
902.241,85				

FINANCIADO CON RLT PARA GX DO EXERCICIO 2015

B) Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

1.- Habilitación suplemento de crédito por un importe de 1.646.911,95 € financiado con RLT para GX do exercicio 2015 para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes no Concello:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten máis favorables para o Concello	9	030 01100 91300	01	SC	1.646.911,95
GASTO TOTAL CAPÍTULO 9					1.646.911,95
TOTAL AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO					1.646.911,95
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2015					

2.- Habilitación de suplemento de crédito por un importe de 1.288.159,13 € financiado con RLT para GX do exercicio 2015 para a execución de investimentos financeiramente sustentables no exercicio 2016:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTOS	IMPORTE
Redacción proxectos de reparacións e acondicionamento beirarrúas en R.Ponte de Sar e R. Cruceiro de Sar	050 15320 61900	09	2015 4 PROXE 28 1	8.470,00
Proxecto de mellora no cruce do Polígono do Tambre	050 15320 61900	09	2016 4 PROXE 66 1	8.000,00
Liquidación da obra Mellora e pavimentación da R. 25 de xullo	050 15320 61900	07	2015 4 VIASP 30 1	18.642,28
Proxectos de rexeneración dos pavimentos de calzada e outras actuacións de mellora en diversos eixes viarios no ámbito urbano e periurbano	050 15320 61900	07	2016 4 VIASP 67 1	600.000,00
Reparación da calzada na Avda. de Coimbra	050 15320 61900	07	2016 4 COIMB 68 1	60.434,24
Apertura de mediana na Rúa Londres	050 15320 61900	07	2016 4 LONDR 69 1	7.381,00
Reurbanización Rúa Cancelas (1ª FASE)	050 15321 60900	09	2016 4 CANCE 70 1	95.890,49

Restauración do Cruceiro de Vista Alegre	050 33600 61900	28	2016 4 CRUCE 71 1	5.868,50
Mellora na rede de saneamento e pluviais na Cima da Eira	060 16100 61900	10	2016 4 CEIRA 76 1	64.782,84
Renovación de pluviais na Rúa Santa Isabel	060 16100 61900	10	2016 4 SISAB 77 1	60.381,18
Brañas do Sar - Fase II	060 17100 61900	13	2016 4 BRAÑA 79 1	50.000,00
Liquidación da obra de Acondicionamento e mellora pistas Santa Cristina e San Xoán de Fecha	100 45400 61900	35	2014 2 PPROV 35 1	22.925,18
Mellora do vial Reboredo-Enfesta	100 45400 61900	35	2016 4 VIRUR 84 1	31.617,38
Mellora do vial Reboredo-Lavacolla	100 45400 61900	35	2016 4 VIRUR 84 2	243.770,16
Remate de accesos ao núcleo San Paio Sabugueira	100 45400 61900	35	2016 4 VIRUR 84 3	9.995,88
1.288.159,13				
FINANCIADO CON RLT PARA GX DO EXERCICIO 2015				

C) Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **4.021.445,84 €**

D) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	1.086.374,76 euros
Total suplemento de crédito.....	2.935.071,08 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería afectado a gastos de inversión	4.021.445,84 euros

TOTAL MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO: 4.021.445,84 EUROS

SEGUNDO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do

resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Así mesmo, consta no expediente, acordo da Xunta de Goberno de data 26 de xullo do corrente ano.

Alcalde: Pasaríamos agora a debater o punto da orde do día.

Se fas defensa María.

Dona María Rozas Pérez: Boas tardes a todas e a todos. Vou traducir un pouco este título que temos na orde do día.

Hoxe presentamos a este pleno a nosa proposta do destino do superávit que houbo no orzamento de 2015, presentamos a utilización de catro millóns en concreto 4.021.445,84 euros do remanente de 2015, do superávit de 2015, segundo a lexislación vixente o artigo 32 da Lei orgánica 2/2012 e a disposición adicional da propia lei indica que este superávit pódese destinar a tres cuestións:

Primeiro o pago de facturas pendentes do ano anterior, o pago de facturas pendentes a 31 de decembro de 2015.

En segundo lugar, á amortización de débeda de forma anticipada.

E por último, pódese destinar a investimentos financeiramente sostibles, sempre que se cumpran unha serie de requisitos de solvencia económica e se garanta a estabilidade económica a 31 de decembro de 2016.

Dito isto, e segundo os cálculos realizados polo informe da intervención municipal que figura no expediente, debemos destinar a débeda 1.600.000 euros, o cal nos permite aliviar a carga financeira do Concello de Santiago e reducir a débeda do concello.

E podemos destinar a investimentos financeiramente sostibles, 2,2 millóns.

Na proposta que presentamos destes 2 con algo millóns, seguimos os seguintes criterios para establecer as prioridades.

O primeiro criterio que utilizamos para establecer as prioridades dos investimentos que van nestes 2 coma algo millóns de euros, e que foran investimentos, que foran obras que deran unha resposta a demandas veciñais, e son moitas demandas as que hai, e parte destas das que incorporamos neste expediente, forman parte desa auditoría cidadá que se realizou durante este ano de goberno.

O segundo criterio que marcamos para establecer que investimentos irían na proposta, é recoller propostas presentadas durante o proceso de negociación dos orzamentos, propostas que foron alegacións, e que nese momento non se puideron incorporar ao proxecto de orzamentos de 2016 por falta de recursos.

A terceira prioridade marcada, o terceiro criterio, é que recordando como dixo o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, na súa primeira intervención, recordando que son investimentos financeiramente sostibles financiados con remanente líquido de tesourería do ano anterior, isto supón que teñen que ser executados e facturados antes do 31 de decembro de 2016, pois incorporamos proxectos e investimentos que sexan facilmente executables nese período.

Son diferentes as casuísticas, proxectos, obras, que teñen xa un trámite administrativo elaborado na casa, avanzado na casa, como pode ser a redacción do proxecto elaborada, e entón pois a súa execución será máis rápida, ou porque a obra en si supón unha execución curta no tempo, ou ben tamén, hai moitas que non son dunha gran contía económica, aínda que si que dan resposta a unha importante demanda veciñal.

E por último, o último criterio que utilizamos, para establecer as nosas prioridades, é que as obras que aquí se propoñen dean resposta a necesidades que son máis que evidentes na nosa cidade, como é por exemplo, obras e investimentos nos viais públicos.

Propoñemos deses 2 coma algo millóns de euros que o 50% vaia destinado a investimentos nos viais públicos, entendendo que existe unha necesidade algo que xa é estrutural, algo que xa non só se pode arranxar con mantemento, senón que algúns viais son necesarias operacións integras do vial, e nese sentido, incorporamos ao 50% da proposta para viais públicos, e tamén recollendo unha petición que nos chegou durante o proceso de negociación dos orzamentos que era incrementar as partidas destinadas a melloras de viais, en concreto creo recordar que tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego, no seu momento pedían un incremento e naquel momento non era posible, non había máis recursos e agora si que estamos en condicións pois de dar unha resposta parcial ás necesidades.

En todos os investimentos dirixidos aos viais públicos, que alcanzan 1.071.000 euros, están os seguintes proxectos, entre outros, rexeneración integral dos pavimentos da calzada de diferentes viais da cidade, e un proxecto de 600.000 euros, que inclúe tres eixos.

O eixo primeiro, que é o acceso de Aríns ao centro da cidade, incluíndo as rúas da Pontemarzán, a rúa do Sandino, a rúa do Cruceiro de Sar, e a rúa Ponte do Sar.

O eixo dous, que é acceso alternativo sur, Castiñeiriño-Sar, incluíndo a rúa da Estrada, rúa das Santas Mariñas, e rúa Picaños.

E eixo tres, as vías de servizo da Avda. do Cruceiro da Coruña, entre a Praza da España e a glorieta do cruceiro da Coruña.

Hai outros proxectos de viais públicos, a reurbanización da rúa das Cancelas, a primeira fase; a reparación da rúa Coimbra, e a apertura da mediana na rúa de Londres.

Tamén hai proxectos no medio rural, está a mellora do vial Reboredo-Lavacolla, esta a mellora do vial Reboredo-Enfesta, e o remate de accesos ao núcleo de San Paio-Sabugueira. Algúns deles demandas das asociacións de veciños dende fai, pois lamentablemente, bastante tempo.

Hai outros proxectos que cabe destacar que se incorporan nesta proposta como é a rehabilitación da Casa das Máquinas, edificio de propiedade municipal en Galeras, petición que tamén ven de lonxe, dos veciños e veciñas da zona, e tamén, unha das alegacións que se presentou no seu momento ao orzamento do concello de 2016, presentada no seu momento polo Bloque Nacionalista Galego e que dixemos que se tiñamos superávit, se tiñamos remanentes de 2015, pois que unha das nosas prioridades era facer este investimento.

Esta a creación da casa das mulleres, co acondicionamento dun dos baixos do antigo local de EMUVISSA, un proxecto que tamén ven de lonxe, que ven do ano 2003, proxecto do bipartito, de cando gobernaban o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, e que é unha demanda histórica do movemento feminista e que lamentablemente pois nunca se chegou a implementar dende o ano 2003.

Hai obras en parques e xardíns, a consolidación da costa de Santa Susana, recollendo unha moción que foi aprobada neste pleno de facer melloras na Alameda, unha moción presentada, creo recordar que no mes de marzo polo partido Socialista, e esta tamén a segunda fase de Brañas do Sar.

Hai obras de saneamento e abastecemento, petición presentada tamén na negociación dos orzamentos, en concreto obras de abastecemento e saneamento na Cima da Eira e na rúa Tras Santa Isabel, que ademais son proxectos que contan xa cun avanzado administrativo, teñen proxecto, teñen informes técnicos, polo cal nos permitiría executalos con certa rapidez.

Outra das liñas importantes nesta proposta de remanentes, e as obras que destinamos a instalacións deportivas, en concreto son 208.504,72 euros, onde se inclúen proxectos

como o ximnasio do polideportivo de Fontiñas, acondicionamento da pista e parque dos polideportivos de Restollal e Vite, acondicionamento exterior do campo de fútbol de Belvis, e obras de ampliación da cuberta e bancada e acondicionamento do campo de fútbol de Villestro, petición tamén esta de facer un maior investimento en instalacións deportivas que se puxo sobre a mesa cando se elaboraron os orzamentos de 2016, que tampouco lle puidemos dar saída naquel momento, pero que xa dixemos que o faríamos no caso de ter superávit do 2015.

E por último, tamén, obras de mellora en instalacións municipais, en centros socioculturais como son Berdía, Marantes, o centro sociocultural da Trisca, ou o antigo colexio de Ramón Cabanillas.

Para rematar e concluír, e facer un resumo da proposta, é unha proposta que entendemos que permite por un lado aliviar a carga financeira que ten o concello, que nos permite ao concello en futuros exercicios pois contar con máis recursos propios, non só para investimentos senón para outro tipo de gastos, como gastos de mantemento, ou políticas sociais, reducimos débeda e por outro lado, damos resposta a demandas veciñais con esta proposta de investimentos.

Demandas que algunhas son de evidente necesidade como poden ser infraestruturas e investimentos nos nosos vías, nas instalacións deportivas, ou outras obras básicas de primeira necesidade como son as de abastecemento e saneamento.

Máis nada, grazas.

Alcalde: Grazas María Rozas, Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Hoxe como acaba de relatar a concelleira o que traen é unha proposta de distribución de cinco millóns e medio de euros que proceden, precisamente, da inexecución parcial dos capítulos I, II e IV no exercicio de 2015.

Destes remanentes o que propoñen basicamente é dedicar, como acaba de explicar a concelleira 1,6 millóns a redución de débeda, 1,6 millóns quedarían en “stand by” pois pendentes de aplicación.

E por último 2.100.000 euros aproximadamente, serían os que propoñen dedicar a investimentos financeiramente sostíbles.

Iso para nós lévanos a unha primeira conclusión de todo isto, e é que o goberno municipal de Santiago, pois vai a dispor para o exercicio de 2006 dunha cantidade moi

importante de diñeiro para a realización de investimentos, por qué dicimos iso, porque están presupostados 6,6 millóns de euros no capítulo VI na proposta orixinal de orzamentos, a iso lle sumaron nada máis e nada menos que 11,6 millóns de euros procedentes da non execución pasada e agora habería que engadir-lles este 2,1 millóns de euros procedentes de remanentes.

É dicir o goberno municipal de Santiago vai dispor de máis de vinte millóns de euros para execución de investimentos de obras na cidade.

Qué é o que nos preocupa disto, algo que en teoría debería de ser unha cousa boa, a nos o que nos preocupa son os precedentes, non, vimos de aprobar unha liquidación de 2015 que o que nos di é que nun ano de xestión compartida, un semestre do Partido Popular e outro semestre de Compostela Aberta, o grao de execución do capítulo VI de investimentos foi do 28%, é dicir de cada 100 euros, que o goberno municipal tivo a súa disposición para facer obras, equipamentos e investimentos na cidade, pois quedaron máis de 70 sen executar, imaxínense que rematemos este ano cun grao de execución parecido, estaríamos falando de que quedarían uns 14 millóns de euros sen executar neste exercicio.

Ao noso entender, tal e como foi o primeiro semestre a nivel de licitación, de execución, de xustificación, pois non nos fai ser precisamente pois moi optimistas.

En segundo lugar, a outra cuestión que nos preocupa é o destempo dalgunhas actuacións.

Hai determinado tipo de actuacións que todas e todos sabemos que facelas en tempo de climatoloxía adversa, pois o que provoca normalmente é incrementos nos custes, e incremento, sobre de todo, no tempo de execución das obras, e ese incremento na execución de tempo, na execución das obras, quen o acaba pagando sempre son os veciños, e as veciñas.

Que o groso do plan de rebacheos do Concello pois se teña que empezar a executar a partires de outubro, ou que unha parte importante das obras, que hoxe se traen aquí a debate a este pleno, pois en condicións normais, pois ata outubro ou novembro de seguro que moitas delas decembro, pois non as estaremos executando, e tamén é unha cuestión que nos preocupa.

É a terceira cuestión que quixera comentar é que hai algunhas destas actuacións que se puideron empezar a acometer xa fai bastante tempo.

No ano 2015, nos dixemos por activa e por pasiva, que o feito de que houbera determinadas partidas esgotadas no orzamento antes do proceso electoral, non era

escusa para poder tramitar determinados tipos modificativos de crédito que permitirán xa no 2015 comezar xa algunhas actuacións que tiñan carácter urxente e que hoxe, evidentemente, teñen dobre urxencia porque estamos un ano máis tarde.

En canto ás actuacións concretas que propoñen nos estamos en termos xerais, con todas as que se propoñen, entendemos que poderían existir outras, que se tiveramos un debate sobre a urxencia e criterios, pois poderíamos aportar outro tipo de visión.

En calquera caso, non discutimos ningunha das que se contemplan. Nos cremos que os arranxos que se propoñen nos centros socioculturais son necesarios, que os arranxos que se propoñen en ámbitos de equipamentos deportivos son necesarios, que por suposto, os arranxos que se propoñen en calzadas en vías públicas son absolutamente imprescindibles, non discutimos ningún dos que se propón. Agora ben, poderíamos ter uns criterios, de distribuílos.

Nese sentido, tamén quero facer fincapé nunha cuestión, a diferenza doutros procesos, como foi o proceso do debate dos orzamentos, ou das últimas ordenanzas fiscais, tamén botamos en falta que non houbera unha interlocución en aras de poder por en común cos grupos da oposición, tendo en conta que hai un goberno que non ten maioría, cales deberían ser esas actuacións, ou cales deberían ser polo menos os eixos vertebradores desas actuacións.

É certo como di a concelleira que están recollidas parcialmente algunhas das cousas das que falamos no debate dos orzamentos, en concreto, é certo que Jorge Duarte o concelleiro da rama, explicaba que ante a proposta do BNG da reparación da Casa das Máquinas e a non inclusión nos orzamentos, el adquiría con nos o compromiso de que no caso de que houbera a tramitación dos remanentes relativamente cedo que iso se incorporaría. Pero ao igual que había esa proposta, había outras propostas que se falou de incluír cando se tramitasen os remanentes que non se inclúen, iso non houbo posibilidade de poñelo en común e creo que non é un avance nese sentido.

Respecto das actuacións, eu creo que o único que podería ser discutible é a contía da partida que se vai dedicar á reparación de calzadas e beirarrúas.

Hai unha partida de 600.000 euros sobre o total dos 2.100.000, non vou discutir ningunha das actuacións, creo que as tres son imprescindibles e que complementarán as outras que xa están aprobadas, e evidentemente, pois actuación en materia de rebacheo, de reparación de calzadas e beirarrúas pois terá que estar planificada ao longo de todo o mandato, e evidentemente que non se vai poder acometer todo nun único exercicio, pero aínda así, incluso na tramitación destes remanentes, creo que incluso a ponderación do que se dedica a iso, pois que podería ser maior.

Polo tanto, pola nosa banda como dicía antes, creo que non existe algo que se intenta trasladar moitas veces á opinión pública, un superávit por unha suposta boa xestión que permite agora acometer unha serie de actuacións, que se non houbera esa suposta boa xestión non se podería acometer, aí todo o contrario, o que hai é unha falta de execución brutal dos orzamentos, e polo tanto, quedan unhas cantidades inxentes de diñeiro sen executar, e iso non está motivado precisamente por unha boa xestión, e como todo o mundo sabe, hoxe realmente do que estamos a falar é de sobrantes de gasto, practicamente na integridade dos capítulos do orzamento de 2015, e eu creo que hai casos como o tema de servizos sociais, como investimentos, como persoal, que hai casos concretos que serían tamén moi discutibles, e eu creo, dende logo, que todos poderíamos coincidir que os sobrantes son excesivos dende todos os puntos de vista, tanto en servizos sociais, como no capítulo II, como en investimentos, e eu creo que esa é a mostra de que se pode xestionar máis e mellor.

Con todo e sen estar de acordo o cen por cen coas actuacións propostas, nos dende o noso punto de vista imos facilitar a aprobación das mesmas, porque entendemos que hai algunhas delas que son especialmente urxentes, e porque creo que non sería entendible manter durante máis tempo recursos públicos sen utilizar cando hai tantas carencias na cidade, e cando este é dos poucos mecanismos reais cos que conta o Concello de Santiago para intervir na economía local e para intervir, tamén, na creación de postos de traballo.

Alcalde: Moitas grazas Rubén, señor Paco Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

Nos imos centrar o noso abordaxe desta proposta do goberno de Compostela Aberta en base a tres puntos:

O primeiro fai referencia ao procedemento, xa fixen referencia, que coñece o goberno de Compostela Aberta o remanente de crédito legalmente polo menos a partires do 31 de marzo, e estamos a 29 de xullo, a min sáenme abril, maio, xuño e practicamente xullo, catro meses para facer cousas, pero agora estamos aquí con presas, teño que dicir como ven sendo habitual.

Convócanos para unha reunión para informarnos da aplicación dos remanentes, a celebrar esa reunión o martes 26 de xullo, o 25 era festa, ás nove e media da mañá e a convocatoria a fan o venres anterior ás tres menos dez da tarde.

Ao mesmo tempo convocan unha rolda de prensa para practicamente a continuación do establecido para o final da reunión informativa, o que claramente amosa que non tiñan ningunha intención de negociar nada sobre os remanentes, nin de chegar a ningún tipo

de acordo coa oposición, no máis puro estilo de Compostela Aberta ao longo deste primeiro ano de goberno. Capacidade para xerar consensos cero.

Na rolda de prensa, presentan a aplicación de remanentes co logo de Compostela Aberta, o que lle venden aos veciños e ás veciñas é que Compostela Aberta vai realizar unha serie de investimentos no Concello, Compostela Aberta?, co diñeiro de Compostela Aberta?, non será co diñeiro de todos e todas, pero vostedes venden o seu logo.

E iso faino precisamente quen ven a darnos leccións sobre o suposto fin da vella política, e vostedes nun ano xa tratan a esta cidade e aos diñeiros de toda veciñanza como se fosen do seu cortello particular, isto é un escándalo señor alcalde, un escándalo, no máis puro estilo caciquil.

E facendo honra da súa ben gañada fama de falta de previsión, convocan unha comisión informativa de facenda urxente e extraordinaria, como non, e como non, convocan un pleno tamén extraordinario e urxente.

Segundo punto que queremos tratar, a orixe dos fondos que hoxe veñen a este pleno.

Non é verdade que os 5.400.000 euros de remanentes sexan a consecuencia dunha boa xestión por parte de Compostela Aberta, é xustamente todo o contrario, eses case cinco millóns e medio son o resultado da mala xestión, mellor dito, da nula xestión de Compostela Aberta durante o primeiro medio ano do seu goberno, coa complicidade iso si, da mala xestión do Partido Popular durante a primeira metade de 2015. Colaborador necesario deste desaguizado, por suposto que si.

Vostedes non xestionaron o orzamento de investimentos do 2015, de 31.800.000 euros deixaron sen investir máis de 23.000.000 nesta cidade, tal como a teñen sen mantemento, con fochancas, beirarrúas, parques e xardíns, con máis de sete mil parados, con vinte mil persoas en risco de exclusión social, e non executan o 72% do orzamento de investimentos.

Qué xestión fixeron cando o 31 de decembro tiñan pendente de pago a provedores 17.350.000 euros, e ao mesmo tempo tiñan en caixa 17.773.000 euros?

Quén pode explicar esa falta de xestión coa que está a caer para as empresas compostelás.

Por certo, o período medio de pago a provedores neste momento, cos últimos datos, esta 25,75 días, e o ano pasado por esta época estaba en 15,61 días, estamos dentro do prazo legal é certo, pero case se duplicou o tempo.

Cómo poden explicar que o 31 de decembro tivesen sen cobrar máis de 32.700.000 euros, despois choran porque non puideron levar a cabo unha subida indiscriminada do IBI para todos os veciños e veciñas, pero non pasa nada, si se deixan de cobrar 32 millóns de euros, porque o certo, é que hoxe estamos a falar dun remanente de 5.400.000 euros, pero Compostela Aberta leva incorporados a este exercicio máis de doce millóns de euros non gastados o ano pasado, esa é a realidade.

A orixe real desta suposta bonanza das finanzas do concello, que hoxe nos vende Compostela Aberta, tal e como a vendía con anterioridade o Partido Popular, ven do crédito de doce millóns para provedores que contratou o Partido Popular, aquel crédito, a peor operación financeira deste concello nos últimos trinta anos, que creou espellismo dunha gran cantidade de diñeiro para investimentos, mágoa que había que devolvelo cun tipo de interese elevadísimo.

E o que sucedeu, foi que o Partido Popular nos vendeu ano tras ano, unha excelente xestión baseada na achega que supuxo o crédito, máis unha falta de xestión de investimentos memorable.

E agora Compostela Aberta, asume como propia esa política económica do Partido Popular, a valida, e pídenos que lle deamos un voto de adhesión para axudar a validar esa política económica tan negativa para o noso concello, e que o PSdeG tanto criticou durante estes anos ao Partido Popular.

Agora como asume e a defende cos mesmos argumentos que o PP Compostela Aberta, agora que se trata de Compostela Aberta, hai que dicir que está moi ben, pois non, segue a ser o mesmo desastre de política económica e tan criticable como antes.

Fíxense nunha cousa, se Compostela Aberta gástase todo o que está previsto en teoría este concello pasaría a ter un déficit de case sete millóns de euros, e é polo tanto, a falta de xestión a que mantén o espellismo da boa saúde económica do concello.

Esa falta de xestión ten consecuencias e graves para a cidade e a veciñanza.

Compostela Aberta coa colaboración necesaria durante o primeiro semestre do Partido Popular deixou de gastar en protección e mellora do medio ambiente, incluíndo parques e xardíns, 19.375.000 euros. En servizos sociais e promoción social deixou de gastar case 1.000.000 de euros. En fomento do emprego deixou de gastar máis de 1.700.000 euros. En protección do patrimonio histórico-artístico deixaron de gastar máis de 800.000 euros, nunha cidade histórica e monumental como Santiago. En instalacións deportivas deixaron de gastar máis de 3.700.000 euros, e agora veñen con presas. En camiños veciñais deixaron de gastar case 1.000.000 de euros.

Este é o custo da falta de xestión de Compostela Aberta.

Imos ver agora a proposta de aplicación de remanentes.

Expóñennos unha aplicación dos remanentes sen explicar tan sequera cales son os criterios de priorización da mesma.

Descoñecemos os obxectivos que se buscan, buscan seguridade, buscan promoción económica, buscan creación de emprego, qué buscan?

Non nos explican que efectos identifican relativos a estes investimentos, efectos sobre a distribución do tráfico, o desenvolvemento económico, impactos medioambientais.

Non nos mostran os cálculos comparativos dos estudos custo-beneficio, ou custo-efectividade para priorizar diferentes investimentos potenciais, simplemente, pídennos un voto de adhesión, porque si, porque son Compostela Aberta, faltaría máis, non buscan ningún consenso e poñen de releve que nas negociacións sobre os orzamentos Compostela Aberta nos mentiu, a toda unha serie de alegacións que fixemos, diciase que iso quedaba para negociar cos remanentes, contei ata nove alegacións que poderían cubrirense con estes remanentes, e soamente incluíron unha, a dos viais, e de maneira para nos insuficiente.

Cando de aquí a pouco tempo comeceamos a negociación dos orzamentos de 2017, debemos ter en conta que todo o que nos digan non vai ser certo unha vez máis, como foi esta vez, porque teremos que crellas a próxima vez.

E, unha vez máis, demostran a súa falta de interese en cumprir o seu programa electoral, e a súa falta de respecto ás institucións democráticas e aos representantes da cidadanía situados nestas.

Falta de interese en cumprir o seu programa, devolver un concello participativo á cidadanía, estratexia tres recuperar a ética no goberno do ben común, acción tres cinco recuperar a centralidade do pleno do concello como órgano decisorio.

Ao longo deste último ano nos plenos aprobáronse diferentes mocións e proposicións, uns por maiorías e outras mesmo por unanimidade, onde están.

A accesibilidade dos parques públicos; as necesidades de Aríns; as necesidades de Conxo; a axenda verde Santiago-Oroso-Ordes; o aparcadoiro de Fontiñas; o ascensor de Triacastela; a recuperación da lagoa de Cornes; o aparcadoiro xunto ao parque Eugenio Granell; as pistas de tenis de Rodríguez de Viguri; as pistas de squash do multiusos; a

antiga casa da Mancomunidade; once plenos e once propostas aprobadas pensando nos veciños e veciñas, cántas se tiveron en conta para aplicar aos remanentes, ningunha.

Compostela Aberta non acabou de asumir que os grupos da oposición representados neste pleno suman máis votos que os conseguidos por Compostela Aberta nas eleccións municipais. Que a situación de maioría simple de Compostela Aberta esixe unha constante procura de consenso, iso que resulta tan difícil para Compostela Aberta, polo menos este primeiro ano.

E amparados por esa falta de respecto ás decisións do pleno, Compostela Aberta segue pedindo un cheque en branco a oposición por responsabilidade, onde queda a responsabilidade de Compostela Aberta; onde queda o cumprimento das promesas electorais de Compostela Aberta; onde queda o respecto ao voto maioritario dos cidadáns de Santiago presentes nos asentos da oposición; senón se cumpre, senón se mostra respecto polas decisións democráticas neste pleno, non se pode esixir, señor alcalde, e menos un cheque en branco, nin sequera apelando á responsabilidade da oposición.

O noso voto emitirémolo pensando no respecto ás institucións e na defensa dos intereses dos veciños e veciñas, non pola apelación xa vacua de Compostela Aberta á responsabilidade da oposición que para Compostela Aberta non é máis que unha simple muletilla, xa sen significado, cando a apelación ven de vostedes.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Paco Reyes; don Manuel a súa quenda.

Don Manuel Martínez Varela: Alcalde, concelleiros e concelleiras.

Voume centrar no que é o tema do crédito extraordinario e no suplemento de crédito.

Nós xa dixemos antes que estabamos en contra das formas que se empregaron con esta modificación de crédito que se trae a pleno, e sempre dixemos que esta e coincidimos tamén cos outros dous grupos que están aquí representados, que esta modificación chega tarde, e chega tarde porque hai que facer un análise do que é a xestión que está a levar a cabo Compostela Aberta.

Os datos son os que son, nos e vostedes, nos entramos en xullo dun ano, e vostedes entraron en xuño, tiñan un mes máis que nos.

Nos levamos a conta xeral a pleno en setembro, vostedes levárona en outubro, nos levamos a aprobación inicial do orzamento en novembro e vostedes en marzo do ano

seguinte, nos aprobamos a liquidación en febreiro e vostedes en maio, é dicir, vaise retrasando todo, todo vai chegando tarde.

Agora tráesenos aquí un remanente, o remanente do exercicio anterior que a orixe do mesmo e todo iso creo que debe ser debate na conta xeral, e a el me remito, o que teño que manifestar con respecto a el.

Si que teño que manifestar, primeiro, inversións financeiramente sostibles, nos non estamos nunca en contra de que se fagan obras na cidade, poderase debater a oportunidade dunha obra ou doutra, iso é unha cuestión discutible, e depende tamén do que goberna, pero hai que ter en conta que teñen que estar rematadas a 31 de decembro, como dixo a concelleira, e nos temos moitas dúbidas, porque deixando a un lado o que son as obras de contratación directa, esa obra de pavimentación de seiscentos mil euros, a de douscentos corenta e tres mil, ou a de cento cincuenta e tres mil euros, si vemos os tempos que vostedes levan nos procedementos de contratación que xestionan, e que é imposible. Vamos a ver, o proxecto de Vista Alegre fase III vostedes aprobaron, os pregos de contratación fixéronse o 27 de outubro e aprobáronse o 15 de marzo do ano seguinte, cinco meses para aprobar uns pregos.

No contrato de conservación dos espazos verdes, que era un contrato sinxelo de oitenta e dous mil euros, os pregos fixéronse o 11 de agosto e aprobáronse o 18 de decembro, catro meses. Un xa máis recente, na reparación da rúa de ... os pregos fixéronse o 18 de marzo e aprobáronse o 22 de abril, un mes; a súa media é a que é, bastante simplemente con ver o que é o perfil do contratante, e ir facendo un por un todos os contratos que están alí recollidos e lembro que o contrato de seiscentos mil euros que traen aquí, ou o de douscentos corenta e tres mil euros teñen que ir a procedemento aberto por lei, e a lei marca un período para levar a cabo a presentación de ofertas de 26 días, entón, esta modificación de crédito vainos levar un mes, entre a publicación tanto inicial como definitiva, sempre que non haxa alegacións, outro mes para levar a cabo a aprobación dos pregos contando con que estean feitos, outro mes para presentar as ofertas, máis outro mes para levar a cabo a adxudicación que son os tempos ao final estas obras iníciáanse nas navidades, porque antes é imposible, son os seus tempos, e que ademais isto o reafirma a falta de coordinación que vemos entre vostedes, ademais preocupante, porque o outro día mirando unha Xunta de Goberno nun contrato vimos que a proposta de incoación dun expediente foi de 16 de maio, pero é que o decreto de inicio é do 8 de marzo, cando tiña que ser ao revés, ou sexa que nin entre vostedes falan.

Logo, tamén se pode dicir con respecto a estas obras si que rematan o 31 de decembro, que excepcionalmente o estado pódenos permitir que se executen no 2017, é verdade, pero ten un matiz, ademais moi importante e do que nos esquecemos, esixe que se teña superávit no 2016, e si vemos o informe de intervención que eu creo que é bastante claro e di textualmente: “capacidade de financiación do concello a 30 de xuño de 2016,

é de menos 6,7 millóns”, é dicir, hai un déficit, sálvase cos axustes, pero axustes por 8,8 millóns, en seis meses pasouse dun superávit de 3,9 millóns a un déficit de 6,7 millóns, por iso queda unha parte do que é o remanente sen poder utilizar.

E lembro, tamén, que para levar a cabo esta operación vostedes fan un axuste por inexecución de 9,2 millóns, é dicir, xa están poñendo de manifesto que 9,2 millóns do orzamento non os van executar.

En segundo lugar sinálase que se pagará o que queda na conta 4.13, parécenos perfecto, oxalá esa conta quede a cero, con esta operación quede a cero, perfecto. O que esperamos é que a final de ano non volva a ter esta conta ningún tipo de saldo, porque nos si se ve o histórico que ademais aparece reflectido no informe de intervención, preocupámonos bastante de que esta conta fose diminuindo ano a ano dende que entramos a gobernar neste concello, pero ao final no 2015 subiu un 185% con respecto ao ano anterior, agora mesmo esta saldado, perfecto, non temos nada que dicir.

E logo, en terceiro lugar, dinos que se destinan 1,4 millóns para aliviar o que é a débeda financeira do concello, eu creo que calquera persoa con sentido común, veciño, veciña, dirá mire a regra xeral para calquera é que canto mais se invista nos veciños e menos se lles dea aos bancos é moitísimo mellor, vale, isto dende o punto de vista teórico é moi bonito, pero vamos a ver, o concello que están xestionando ten máis de cen millóns de orzamento, isto é Santiago de Compostela, din que van aliviar a carga financeira, pero no 2015 fan unha operación de crédito por 2,9 millóns, no 2016 como ven que aforraron moito devolven 1,4 millóns, pero ao mesmo fan outra operación por 5 millóns, entón sinceramente, aquí eu non vexo moita planificación económica máis alá do curto prazo.

Unha visión a curto prazo que a verdade a nos preocúpanos, porque si se tivera feito un seguimento do nivel de execución trimestral, que se remite ao Ministerio de Facenda, que por certo tanto a tesourería como a intervención puxeron de manifesto nos seus informes que o concello non está corrente na remisión de información no mes de xuño, non sei como estará o tema.

Se levaramos un seguimento mensual da execución do orzamento teríase previsto no ano anterior este remanente, e non sería preciso seguramente, combinado con outro tipo de actuacións terse endebedado por 2,9 millóns e teríamos aforrado os intereses de todos estes meses.

E que ademais si se fai unha visión a longo prazo, ao traer este remanente por exemplo se empregarán os 5 millóns para levar a cabo a amortización de débeda, aforrariáanse todos os intereses e amortización, e o concello gañaría en dous anos un millón de euros, que podería empregar gratis sen ningún tipo de actuación, e combinado con outro tipo

de actuacións que tampouco se teñen porque manifestar agora mesmo, estaríamos nos mesmos niveis, sen pagar nada de intereses aos bancos.

Lémbrolles outra vez que vostedes xestionan o Concello de Santiago de Compostela máis de cen millóns de euros e que deben ter unha planificación a longo prazo, non a curto prazo, porque agora mesmo os datos e os feitos é o que nos manifestan.

No tocante ás obras que se poñen aquí de manifesto, nos non estamos en contra de que se fagan obras na cidade, xa o dixen anteriormente, ao contrario cantas máis se fagan mellor, agora ben, hai que ter en conta tamén parte das obras que están aquí recollidas eran nosas, de Compostela Aberta hai poucas actuacións.

Hai algunha que si que nos chama a atención, o tema do Pazo de Raxoi, 15.000 euros, estase a levar a cabo o que é a actuación nas fachadas por parte do Consorcio que nos parece perfecto, pero 15.000 euros consideramos que é algo bastante escaso, e aquí si que pedimos que por favor nestes catro anos que pagan, que lembra ademais insistentemente a miña compañeira Teresa, un plan director para este edificio, porque todos os que estamos aquí sabemos das grandes deficiencias que ten.

Moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas Manuel, María segunda quenda.

Dona María Rozas Pérez: Ola de novo.

Primeiro gustárame aclarar unha serie de cuestións que aquí se mencionaron. Mencionáronse cousas que creo que non foron moi rigorosas, mencionouse que esta proposta ven con retraso, e si é certo ven con retraso, pero os principais interesados en que se aprobara canto antes somos nos, somos os principais interesados, o que non se mencionou a continuación foron datos que foran correctos, ... a 31 de marzo, debe de ser que non revisou toda a documentación que lle facilitamos, porque este ano aprobouse a un de xuño e estamos a finais de xullo, e dende o un de xuño elaborouse un traballo moi importante, trouxen un expediente moi completo, que parte de diferentes departamentos de moitos departamentos do concello e de varias concellarías, que quero dicir con isto, quero dicir que por motivos que todos coñecedes a liquidación foi con retraso por un déficit importante, un problema importante que tivo o departamento técnico de intervención este ano, baixas médicas, excedencias, cambios de intervención, houbo cambios importantes que impediron a realización deste traballo tecnicamente antes, pero non por falta de vontade política, porque o dixen ao principio os principais interesados somos nos.

Eu quero aproveitar este comezo de intervención para agradecer a todos os técnicos que me consta que moitos deles que están detrás deste expediente fixeron un importante esforzo para que viñera canto antes e chegou cando foi posible.

Dito isto, creo que hai que ser rigorosos e eu houbo algún momento do debate que pensei se estabamos neste debate ou estabamos a falar doutra cousa, aquí o que viñemos a falar foi da proposta de remanentes, fíxose un importante esforzo para incluír propostas e peticións tanto das asociacións de veciños como das alegacións que se foron presentando ao orzamento, tiñamos un problema co tempo, cos prazos, o tempo corre, e urxente, acábase o prazo o 31 de decembro para ser executadas, e entendíamos que as propostas presentadas fai seis meses na elaboración dos orzamentos, continuaban a ser a posición dos grupos da oposición para agora, continuaban vixentes.

Falouse tamén da execución, inexecución, hai que ser rigorosos porque o resultado do superávit non é só o que non se gasta, un orzamento ten unha estimación de ingresos e unha estimación de gastos, pode gastarse menos, e tamén se pode recadar máis, e o resultado é un conxunto das dúas cousas, non.

Tamén hai que ser rigorosos é en contextualizar, recordemos, que execución tiña en gobernos anteriores, onde todos vostedes tiveron algún tipo de responsabilidade.

A realidade é que a execución deste ano, aínda que moi mellorable, recoñecémolo que hai que melloralala, é o mellor resultado dos últimos anos, o mellor resultado, este concello non pasou dun 30% de execución en investimentos nin cando gobernaba o Partido Socialista, nin o Bloque Nacionalista, nin cando gobernaba o Partido Popular, entón, nos temos un 28% cunha paternidade compartida, e moi mellorable, por suposto que si, hai que traballar para arranxar este problema que entendo que xa é estrutural, pero tamén hai que contextualizar.

Tráemos esta proposta, repito fíxose un esforzo para que fose unha proposta inclusiva, que incorporará peticións de todos os grupos políticos presentadas no momento das alegacións aos orzamentos, creo que na explicación que fixen antes víase transparentado isto, as vías públicas que foi unha proposta maioritaria leva máis do 50%, instalacións deportivas que tamén foi unha petición de varios grupos da oposición tamén leva unha importante porcentaxe; Casa das Máquinas, Alameda, saneamento e abastecemento.

Fixemos unha aposta, o 80% destes 2,2 millóns de euros, veñen dese proceso de negociación dos orzamentos e bueno agora esta nas súas mans decidir se queren estes investimentos para a cidade de Santiago, se queren que poidamos e teñamos a oportunidade de facer estes investimentos e obras para os diferentes puntos que aquí se inclúen ou non, está nas súas mans.

Máis nada.

Alcalde: Moitas grazas María, señor Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Non tiña pensado intervir, pero hai algunhas cousas que tamén hai que contestar.

Di a concelleira que é unha proposta inclusiva, María, non sei vivimos aquí recentemente pois un proceso de negociación duns orzamentos, un proceso de negociación dunhas ordenanzas fiscais, e nos pode gustar máis ou menos, ese proceso de negociación e o resultado, pero existiu.

Entón unha vontade inclusiva, home non sei, creo que levantar o teléfono preguntar ou ter unha reunión, é dicir, mira esta é a nosa proposta como o vedes, vedes reflectido o que acordamos con vos no debate dos orzamentos ou non, tedes algún tipo de proposta alternativa, claro eu entereime dalgunhas das propostas que veñen aquí por asociacións de veciños, entón algunha asociación de veciños comentou, xa me chamaron do goberno municipal vai ir isto no de remanentes, e digo home esta ben, supoño que algún día se dignarán a dicírmolo.

En calquera caso, creo que cando hai unha vontade de que a proposta sexa inclusiva, dende logo, creo que este non é o mellor xeito de facelo.

Con respecto ao tema de execución, a resposta que me daba a concelleira, era a mesma que me daba Conde Roa hai catro anos, eu creo que non é a máis correcta, non.

Eu creo que tamén, a autocrítica é unha boa compañeira en determinados momentos, e entón, eu polo feito de que os últimos catro anos o nivel de execución do capítulo VI fora baixísimo, tremendamente criticado dende estas bancadas durante os últimos catro anos, pois creo que non é xustificación para que agora o sega sendo.

E sobre todo creo que non é xustificación, porque é moi difícil explicarlle aos veciños e as veciñas que tes unha situación como tes en rúas e beirarrúas, por poñer un exemplo, e de cada cen euros que se podían dedicar a iso, soamente se executaron vinte e oito, pois é difícil explicarllo a xente, é dicirlles, non, non, hai cartos suficientes para facelo, hai medios técnicos para facelo, pero simplemente non se da executado.

Polo tanto, eu creo que unha clave importante de todo isto, intentar na medida do posible aproximar os graos de execución ás necesidades reais que ten a cidade, que non se vai pasar dun vinte e pico por cento a un setenta por cento nun ano, seguramente, agora creo que nunhas condicións como nas que está hoxe Santiago non son admisibles

eses niveis de execución, pois creo que non son admisibles. Señora concelleira, iremos falando cando vaian facendo públicos como van os avances deste ano, pero, eu polo que vexo, tanto en mesas, como en licitacións ou en Xuntas de Goberno, pois paréceme que polo que vai de semestre, e quedan seis meses para rematar o ano, pois o grao de execución do que son os investimentos, dende logo, non é para ser especialmente optimistas.

Alcalde: Grazas Rubén, señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

Unhas aclaracións, mire con respecto ao retraso, mire os prazos que marca a lei é que a liquidación ten que estar aprobada a 31 de marzo, se o goberno non cumpriu os prazos legais, home, non lle bote a culpa a oposición que dende logo non temos nada que ver, será responsabilidade do goberno.

Tamén, me vai permitir que lle diga, os principais interesados en que as cousas se fagan en tempo e con tempo son os veciños e veciñas de Santiago, moito máis que o goberno e moito máis que os grupos da oposición.

Se mo permite como funcionario que son non lle bote a culpa aos técnicos do non cumprimento duns prazos legais, non é de recibo, ese non é o camiño.

Con respecto á vixencia das propostas da oposición, se mire, pero eu aquí teño das propostas que fixemos que por certo foron trinta e unha e nos aceptaron unha e media na negociación dos orzamentos, e que teño algunhas que poderían entrar, plan de mellora e ampliación da rede de abastecemento e saneamento das parroquias do rural, implantación de sinais informativas nas parroquias de rural, recuperación dos camiños de Santiago e os seus elementos patrimoniais, plan de mantemento de parques infantís e parques biosaudables, recuperación da senda Milladoiro-Santiago a través de Conxo, creación da senda verde e os seus antigos trazados ferroviarios e camiños de servizo de colectores xerais, non aparece nada nestes remanentes, plan de equipamentos e mantemento de instalacións deportivas, pois mire, aquí lle vou dicir, falan vostedes de Belvis, pero falta obviamente a construción do servizo

No campo de Santa Isabel, estamos de acordo coa accesibilidade, pero recentemente o Santiago ten ascendido a división de honor xuvenil e o estado do céspede non reúne as condicións, ou por exemplo, no polideportivo de Fontiñas, bueno moi ben o ximnasio pero falta a bolsa de aparcamento, non a abordan vostedes, nas Cancelas, pois moi ben que fagan a reforma da cuberta, pero falta o céspede artificial, no pavillón de Santa

Isabel estamos de acordo coa accesibilidade, pero necesita unha reforma integral da fachada, dos vestiarios.

Polo tanto, non me diga que vostedes cumpriron coas propostas que nos fixemos.

Máis alá, onde esta o plan de humanización e rexeneración de espazos urbanos, único que fan si, é o plan de rexeneración de vías degradadas, pero insisto, nos entendemos que non é dabondo para as necesidades e a situación de falta de mantemento que ten esta cidade coas súas vías.

Mire a porcentaxe de execución, bueno a parte de que eu lembro, non é mérito meu, porque non estaba en goberno, pero eu lembro que nos gobernos de coalición do PSdeG-PSOE e do BNG se chegaron a máis do 40% de execución, pero máis alá, mire o que non é de recibo é que vostedes se agochen para explicar a súa inexecución detrás da inexecución dos demais.

É dicir, vostedes foron votados polos cidadáns, precisamente, se supón para que non fixeran o mesmo que fixeron os outros, non me dea esa explicación, de que como os demais non cumpriron, nos tampouco cumprimos, e que iso non o poden dicir vostedes.

Mire, nos non imos entrar nin poñer en cuestión as actuacións que vostedes plantexan, nos entendemos que todas elas son necesarias, pero claramente vostedes non quixeron buscar un consenso sobre os criterios de priorización, nunca fomos chamados, salvo esa reunión ás nove e media do martes vinte e seis de xullo, antes precisamente deste pleno.

Bueno, pois nos ao mellor priorizaríamos máis a seguridade neste momento coa situación que teñen o mantemento das vías, co que está acontecer cos coches da xente, que tiveron vostedes mesmos que acudir a un proceso de emerxencia, porque había accidentes e se poñía en risco a vida da xente, dos composteláns e das compostelás, vostedes mesmo xustificaron, precisamente, ese procedemento de emerxencia por ese motivo. Púñase en risco a vida dos nosos veciños e veciñas, ou a cantidade de xente que ten acudido a urxencias e mesmo que teñen sido ingresados no hospital, precisamente, por caídas nas fochancas.

Nós ao mellor teríamos priorizado moito máis ese criterio.

Compostela Aberta non nos deu a posibilidade, non nos preguntou, non quixo chegar a consensos, o que fai é presentar coma sempre unha proposta unilateral e pide un voto de adhesión sen máis, porque quen fai a proposta é Compostela Aberta.

Gustaríanos que nalgún momento, e xa levamos un ano de goberno de Compostela Aberta, nalgún momento, Compostela Aberta estivera disposta a sentarse e tentar,

precisamente, de chegar a desenvolver consensos, que eu entendo, que é o que necesita esta cidade.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Manuel a súa quenda, xa que Manuel nos aforra cinco minutos, eu vou facer unha pequena intervención.

Eu recoñezo cuestións que aquí se dixeron nas diferentes intervencións, nomeadamente polo voceiro do BNG e polo voceiro do Partido Popular.

Non me recoñezo para nada na intervención que fai vostede señor Paco Reyes, descúlpeme que llo diga, creo que hai motivos para a crítica, tamén para recoñecer problemas estruturais do concello, pero un discurso permanente da apocalipse ten un grao de tolerancia moi limitado, acaba cansando, e non resulta crible, non podes a emenda á totalidade cando do que estamos a falar é de empregar os remanentes do ano pasado, para amortizar débeda e diminuír a carga financeira, para facer obras.

Pódese falar do grao de execución do que se falou, deste concello, pódese recoñecer que hai un problema estrutural, pódese recoñecer que para ninguén é prato de gusto ter uns orzamentos que non pode executar no ano, e que unha institución debера estar á altura deses graos de investimentos para facer obras, pero é algo, que evidentemente hai que mellorar, non é unha cuestión de negligencia, ... un déficit estrutural nos departamentos e ese é o problema agora de mellorar o grao de execución, porque eu creo que todo o mundo quereda facer obras.

Pódese falar do pouco espazo que houbo para intentar habilitar unha liña de diálogo, vostedes son conscientes, porque así llelo dixen eu no despacho e o recoñeceu María que non foi por unha cuestión, verdadeiramente vocacional, senón por unha cuestión de prazos.

Nós tivemos a posibilidade de traer os remanentes, queriamos traelos para o anterior pleno, estes días axilizamos o debate dos orzamentos para este venres, porque era consciente de que no mes de agosto había un problema de permisos estivais e vacacionais de xente da corporación, e se abríamos unha liña de diálogo como a que se abriu nas ordenanzas, tiñamos que asumir que nos íamos a setembro na aprobación dos remanentes, entón, buscamos unha fórmula na que si clarexamos os criterios, creo que María Rozas clarexou os criterios que se empregaron.

E os criterios que se empregaron foron as achegas das asociacións de veciños nas máis de trinta reunións que houbo con todas elas, e que entregaron dossiers con necesidades dos barrios, moitas delas dende fai moitos anos, empregáronse tamén achegas que se

fixeron no proceso de diálogo, evidentemente non todas, non imos poder solucionar os problemas da cidade nun ano, e nos diálogos coa oposición e que non entraron nos orzamentos definitivamente, e buscáronse proxectos maioritariamente executables no prazo que temos, pero sei que hai unha dúbida razoable de si se vai poder executar todo, e eu entendo iso que di a oposición, pero por riba de todo iso, están as obras que se van poder facer, eu creo que deberamos ter un consenso, e evidente en que hai moitas necesidades na cidade, no mantemento, nas beirarrúas, nos espazos públicos, e que non sobra ningunha obra, e eu aí si concordo na intervención de Manuel, entón, reducir todo iso, a unha cuestión formal, e falar do respecto, da vontade popular, cando estamos nun pleno, cando estamos a debater, e cando a decisión a vai tomar o pleno, eu creo que non hai lugar señor Paco Reyes.

É dicir, así llo digo, sinceramente así llo digo, a min paréceme unha emenda a totalidade, e ... cuestión concreta, eu podo asumir cuestións do discurso que aquí se fan polas outras partes dos grupos, incluso facer autocrítica tamén nese proceso, pero creo que por riba de todo, está que se poidan executar en cinco meses, que son necesarias e que todo o mundo está demandando, e que iso no fondo, máis alá de que se puidera ter perfilado un proceso de diálogo máis profundo, que non foi posible por cuestións de prazos, é o importante e co que a xente se queda, o resto, a xente creo que realmente non lle interesa e iso non é óbice para que non intentemos mellorar determinadas cuestións.

Polo tanto, fagamos esta proposta, eu pido nese sentido que se viabilice, sendo consciente das dificultades e dos prazos que temos para poder facer esas obras na cidade que son necesarias, e as que quedan que son moitas as necesarias, evidentemente, hai que ir planificando ao longo da lexislatura, e pido nese sentido, que se desbloqueen os remanentes para poder executar esas obras na cidade.

Pasamos a votación.

Don Francisco Reyes Santiás: Unha cuestión de orde.

Artigo 67, se eu non lembro mal o que di o noso Regulamento é que a intervención do alcalde é para pechar o debate, e non para abril de novo.

Alcalde: Señor Paco Reyes, eu son consciente despois de varios anos na administración local, primeiro, de quen ten a potestade de regular as sesións, segundo de cal é o rol da alcaldía, e terceiro, creo que teño un rol moi pouco interveccionista, porque apenas interveño nos asuntos de debate, salvo nos que entendo que podo aportar algo.

Entón non me veña a regular os cinco minutos nos que podo falar despois de estalo a escoitar a vostede durante quince minutos.

Rematado o debate, e de conformidade co Ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo do corrente ano, visto o informe-proposta transcrito, máis o acordo da Xunta de Goberno, e informe de intervención núm. 286/2016, o Pleno da Corporación, por 9 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG (8 PP, 2 PSdeG-PSOE e 2 BNG) acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2016-SUPLE-01 con destino á amortización de operacións de endebedamento vixentes por un importe de 1.646.911,95 € e para investimentos financeiramente sustentables en cumprimento do artigo 32 da LOEP e DISP. ADICIONAL 16ª do TRLRFL 2/2004 por un importe de 979.850,53 €, financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2015 por un importe global de 2.626.762,48 €; e expediente de crédito extraordinario nº 2016-CREXT-01 con destino, en primeiro lugar, a atender as obrigas e pagos pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2015 vixentes no momento de tramitar este expediente por un importe de 184.132,91 € e para investimentos financeiramente sustentables en cumprimento do artigo 32 da LOEP e disp. adicional 16ª do TRLFL 2/2004 por un importe de 1.210.550,45 €, financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2015 por un importe global de 1.394.683,36 €.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación crédito extraordinario por un importe de 173.145,57 € financiado con RLT para GX do exercicio 2015 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2015 (facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación non orzamentaria 413):

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS 2015 (020 23101 22103)	2	020 23101 22195		17	CE	535,80
OPAS 2015 (040 33403 22799)	2	040 33403 22795		26	CE	79.612,07
OPAS 2015 (040 33800 22699)	2	040 33800 22695		29	CE	19.481,00
OPAS 2015 (050 15320 22199)	2	050 15320 22195		09	CE	119,68

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS 2015 (060 31100 22699)	2	060 31100 22695		15	CE	351,10
OPAS 2015 (060 93200 22706)	2	060 93200 22795		03	CE	45.962,62
OPAS 2015 (080 32300 22103)	2	080 32300 22195		22	CE	948,10
OPAS 2015 (080 32600 22699)	2	080 32600 22695		22	CE	5.678,40
OPAS 2015 (080 32600 22701)	2	080 32600 22795		22	CE	159,18
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						152.847,95
OPAS 2015 (050 15320 61900)	6	050 15320 61995		07	CE	7.865,00
OPAS 2015 (050 15321 60900)	6	050 15321 60995		09	CE	2.294,16
OPAS 2015	6	100 45400 62500	2014 2 MOBRU 32 1	35	CE	10.138,46
GASTO TOTAL CAPÍTULO 6						20.297,62
TOTAL XERAL DE OPERACIÓN PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)						173.145,57
FINANCIAMIENTO RLT para GX DO EJERCICIO 2015						

2.- Habilitación crédito extraordinario por un importe de 10.987,34 € financiado con RLT para GX do ejercicio 2015 para atender as pagos pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2015 (pagos en conta contabilizados na aplicación non orzamentaria 400):

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	20,00
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	41,05
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	0,01
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	17,84
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	65,82
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	9.165,89
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	93,03

PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	59,90
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	11,90
PPA 2015 (010 92000 22103)	2	010 92000 22195	40	CE	11,90
PPA 2015 (050 15000 22604)	2	050 15000 22695	07	CE	1.500,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2					10.987,34
TOTAL PAGOS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (400)					10.987,34
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2015					

3.- Habilitación crédito extraordinario por un importe de 902.241,85 € financiado con RLT para GX do exercicio 2015 para a execución de investimentos financeiramente sustentables no exercicio 2016:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTOS	IMPORTE
Reparación de cuberta e mellora impermeabilidade parque móbil	010 93300 63200	40	2016 4 PARMO 64 1	51.111,09
Rehabilitación e reparación de CSC: Mellora de cuberta no CSC de Verdía	040 93303 63200	26	2016 4 CSOC 65 1	50.000,00
Rehabilitación e reparación de CSC: Obras de mellora e acondicionamento do CSC antigo colexio Ramón Cabanillas	040 93303 63200	26	2016 4 CSOC 65 2	50.000,00
Rehabilitación e reparación de CSC: Obras de mellora e acondicionamento do CSC de Marantes	040 93303 63200	26	2016 4 CSOC 65 3	28.000,00
Rehabilitación e reparación de CSC: Mellora do illamento e impermeabilización do CSC da Trisca	040 93303 63200	26	2016 4 CSOC 65 4	44.000,00
Proxecto de reforma do edificio de Raxoi	050 93300 63200	28	2016 4 RAXOI 72 1	14.520,00
Rehabilitación da Casa das Máquinas - Fase I	050 93300 63200	09	2016 4 MAQUI 73 1	100.000,00
Reforma semafórica en diversas zonas da cidade	060 13300 62300	03	2016 4 SEMAF 74 1	21.899,10
Instalación de cámara de tráfico en Rúa de San Pedro	060 13300 62300	03	2016 4 TRAFI 75 1	21.461,94
Consolidación da Costa de Santa Susana, na Alameda de Santiago	060 17100 60900	13	2016 4 ALAME 78 1	150.000,00
Aplicación para dispositivos móbiles - campañas promoción comercio emblemático de Santiago	070 43100 64100	31	2016 4 APCOM 80 1	4.235,00
Acondicionamento de baixo municipal (edificio local EMUVISSA) para abrir a	070 93304 62200	16	2016 4 MULLE 81 1	158.510,00

"Casa das Mulleres"				
Proxectos de acondicionamento de accesos e de accesibilidade ao campo de fútbol e pavillón de Santa Isabel	090 93302 63200	30	2016 4 PRODE 82 1	12.000,00
Proxecto de obras para reforma da cuberta no campo de fútbol de As Cancelas	090 93302 63200	30	2016 4 PRODE 82 2	2.404,72
Melloras en instalacións deportivas municipais: obras de acondicionamento exterior do campo de fútbol de Belvís para accesos e mantemento	090 93302 63200	30	2016 4 DEPMU 83 1	7.000,00
Melloras en instalacións deportivas municipais: obras de ampliación da cuberta da bancada e acondicionamento das dependencias de conserxería e almacén do campo de fútbol de Villestro	090 93302 63200	30	2016 4 DEPMU 83 2	31.500,00
Melloras en instalacións deportivas municipais: acondicionamento da pista de parqué dos Polideportivos de Restollal e Vite	090 93302 63200	30	2016 4 DEPMU 83 3	45.600,00
Melloras en instalacións deportivas municipais: obras de acondicionamento xeral e de ximnasio do Polideportivo de Fontiñas	090 93302 63200	30	2016 4 DEPMU 83 4	110.000,00
902.241,85				
FINANCIADO CON RLT PARA GX DO EXERCICIO 2015				

B) Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

1.- Habilitación suplemento de crédito por un importe de 1.646.911,95 € financiado con RLT para GX do exercicio 2015 para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes no Concello:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten máis favorables para o Concello	9	030 01100 91300	01	SC	1.646.911,95
GASTO TOTAL CAPÍTULO 9					1.646.911,95
TOTAL AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO					1.646.911,95
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2015					

2.- Habilitación de suplemento de crédito por un importe de 1.288.159,13 € financiado con RLT para GX do exercicio 2015 para a execución de investimentos financeiramente sustentables no exercicio 2016:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTOS	IMPORTE
Redacción proxectos de reparacións e acondicionamento beirarrúas en R.Ponte de Sar e R. Cruceiro de Sar	050 15320 61900	09	2015 4 PROXE 28 1	8.470,00
Proxecto de mellora no cruce do Polígono do Tambre	050 15320 61900	09	2016 4 PROXE 66 1	8.000,00
Liquidación da obra Mellora e pavimentación da R. 25 de xullo	050 15320 61900	07	2015 4 VIASP 30 1	18.642,28
Proxectos de rexeneración dos pavimentos de calzada e outras actuacións de mellora en diversos eixes viarios no ámbito urbano e periurbano	050 15320 61900	07	2016 4 VIASP 67 1	600.000,00
Reparación da calzada na Avda. de Coimbra	050 15320 61900	07	2016 4 COIMB 68 1	60.434,24
Apertura de mediana na Rúa Londres	050 15320 61900	07	2016 4 LONDR 69 1	7.381,00
Reurbanización Rúa Cancelas (1ª FASE)	050 15321 60900	09	2016 4 CANCE 70 1	95.890,49
Restauración do Cruceiro de Vista Alegre	050 33600 61900	28	2016 4 CRUCE 71 1	5.868,50
Mellora na rede de saneamento e pluviais na Cima da Eira	060 16100 61900	10	2016 4 CEIRA 76 1	64.782,84
Renovación de pluviais na Rúa Santa Isabel	060 16100 61900	10	2016 4 SISAB 77 1	60.381,18
Brañas do Sar - Fase II	060 17100 61900	13	2016 4 BRAÑA 79 1	50.000,00
Liquidación da obra de Acondicionamento e mellora pistas Santa Cristina e San Xoán de Fecha	100 45400 61900	35	2014 2 PPROV 35 1	22.925,18
Mellora do vial Reboredo-Enfesta	100 45400 61900	35	2016 4 VIRUR 84 1	31.617,38
Mellora do vial Reboredo-Lavacolla	100 45400 61900	35	2016 4 VIRUR 84 2	243.770,16
Remate de accesos ao núcleo San Paio Sabugueira	100 45400 61900	35	2016 4 VIRUR 84 3	9.995,88
1.288.159,13				
FINANCIADO CON RLT PARA GX DO EXERCICIO 2015				

C) Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **4.021.445,84 €**

D) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	1.086.374,76 euros
Total suplemento de crédito.....	2.935.071,08 euros
2.- Financiamento	
d) Novos ingresos.....	
e) Baixas por anulación.....	
f) Remanente de tesourería afectado a gastos de inversión	4.021.445,84 euros

TOTAL MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO: 4.021.445,84 EUROS

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-presidente a da por finalizada sendo as 19:06 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Martíño Noriega Sánchez

O secretario xeral do Pleno,
Francisco Javier Castiñeira Izquierdo